

## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 29-12-2023, ditou a resolución con número 3665/2023 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

**BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DURACIÓN DETERMINADA A TEMPO PARCIAL (6 HORAS/DÍA) MEDIANTE UN CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, DUNHA PRAZA DE DOCENTE PARA IMPARTIR A ACCIÓN FORMATIVA "OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS E DE TELECOMUNICACIÓNS EN EDIFICIOS" CORRESPONDENTE AO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS) PARA OS EXERCICIOS 2023-2024.**

#### **ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 11 de maio de 2023 (DOG núm. 95 do 22 de maio de 2023) pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan Formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024 (código procedemento TR301k).

**Segundo.-** Con data 26/09/2023, a través do sistema Notifica.gal (con número de rexistro 202300000005510) recibíuse a resolución da xefatura territorial da Coruña da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se concede o outorgamento dunha subvención para a programación de accións formativas do Plan formativo para o emprego para persoas traballadoras desempregadas para os exercicios 2023-2024, e, entre outras accións formativas, para "OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS E DE TELECOMUNICACIÓNS EN EDIFICIOS" (Código: 2023/004851; Especialidade: ELES0208) por importe de 39.470,40€.

**Terceiro.-** Por Providencia de Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 15/12/2023 ordénase iniciar a tramitación do correspondente expediente de selección e contratación laboral temporal do persoal preciso para impartir a dita acción formativa, coa aprobación das oportunas bases que rexan o proceso selectivo.

**Cuarto.-** Consta no expediente informe xurídico da técnica de persoal de data do 29/12/2023 sobre o procedemento de selección e a adecuación legal da modalidade contractual. Consta, así mesmo, informe favorable da Intervención municipal de data do 29/12/2023.

Á vista do anterior, e en uso das atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as bases e a convocatoria para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios”.

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente resolución.

**Segundo.-** Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases mediante a publicación dun anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As bases publicaranse integramente no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e, de forma complementaria, na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

Tal e como se establece na base terceira das bases reguladoras desta convocatoria, o prazo de presentación de instancias é de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

**BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DURACIÓN DETERMINADA A TEMPO PARCIAL (6 HORAS/DÍA) MEDIANTE UN CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, DUNHA PRAZA DE DOCENTE PARA IMPARTIR A ACCIÓN FORMATIVA "OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS E DE TELECOMUNICACIÓNS EN EDIFICIOS" CORRESPONDENTE AO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS) PARA OS EXERCICIOS 2023-2024.**

**Primeira.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.**

**1.1.-** O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal dun/ha docente para impartir a acción formativa, denominada "**Operacións Auxiliares de Montaxe de Instalacións Electrotécnicas e de Telecomunicacións en Edificios**" (Código: 2023/004851; Especialidade: ELES0208) a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

**1.2.-** As unidades de competencia a impartir nesta acción formativa (Cód. ELES0208) obxecto desta contratación (380 horas) son:

UC0816\_1: Realizar operacións de montaxe de instalacións eléctricas de baixa tensión e domóticas en edificios (150 h)

UC0817\_1: Realizar operacións de montaxe de instalacións de telecomunicacións (180 h)

MP0118: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 h)

**1.3.-** A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (6h/día, en horario de 8.30h a 14.30h). A retribución bruta mensual (por tódolos conceptos, incluída pagas extras) será de 2.273,58€ e a data previsible de contratación será desde o 01/02/2024 ata o 20/05/2024.

**1.4.-** A contratación do/a candidato/a seleccionado/a estará supeditada á súa validación por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

**Segunda.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

**2.1.- Capacidade legal:** Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP, así como a capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo có previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores; así como os estranxeiros con residencia legal en España, que poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois, de acordo có disposto na lexislación específica sobre a materia.

**2.2.- Titulación, Capacidade docente e Capacidade profesional:**

**OPCIÓN 1.- TITULACIÓN E CAPACIDADE PROFESIONAL.**

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

Cumprir cos requisitos para o/a docente desta acción formativa esixidos na Ficha técnica do certificado de profesionalidade publicada no Servizo Público de Emprego Estatal e no apartado IV (prescricións dos formadores) do RD 1968/2008, de 28 de novembro, polo que se modifica o RD 295/2004 de 20 de febreiro e o RD 1136/2007 de 31 de agosto, polo que se establece o certificado de profesionalidade de Montaxe de mobles e elementos de carpintería (Nivel II) (BOE núm. 307, de 22 de decembro de 2008) e RD 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación (BOE núm. 69, xoves 21 de marzo de 2013).

Estar en posesión dalgunha das **TITULACIÓNS** que se relacionan deseguido, máis un (1) ano de experiencia profesional:

- Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou o título de grao correspondente u outros equivalentes.
- Técnico/a e Técnico/a superior da familia profesional de Electricidade e Electrónica.
- Certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 da área profesional de instalacións de telecomunicacións da familia profesional de Electricidade e Electrónica.

Serán así mesmo admitidos/as os/as aspirantes que carecendo de calquera das titulacións relacionadas neste apartado, acrediten tres (3) anos de experiencia no ámbito de cada módulo formativo.

Este requisito deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou outros superiores.

**CAPACIDADE DOCENTE:** Deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou o certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. A formación en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos será equivalente ao certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou ao certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, sempre e cando a formación se obtivera ata o 31/12/2013, de acordo coa última modificación contida no BOE núm. 220 do 13/09/2013 (RD 619/2013, do 2 de agosto).

Deste requisito estarán **exentos/as**:

- a.** Os/as que estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre/a en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.
- b.** Os/as que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos os que acrediten a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e os/as que acrediten a superación dun curso de formación equivalente á

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

**c.** Os/as que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Este requisito deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou outros superiores.

De conformidade co disposto no artigo 168 do R. D. 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (Artigo 168.- Condicións.-) ao respecto dos docentes encargados de impartir formación conducente a un certificado de profesionalidade, os/as aspirantes **poden acceder cumprindo os seguintes requisitos (Opción 2 ou Opción 3)**:

### **OPCIÓN 2: TITULACIÓN.**

Deberá cumprir cos establecidos na Ficha técnica do certificado de profesionalidade publicada no Servizo Público de Emprego Estatal e no apartado IV RD 683/2011, de 13 de maio, polo que se establece o certificado de profesionalidade de Operacións Auxiliares de Montaxe de Instalacións Electrotécnicas e de Telecomunicacións en Edificios (Nivel I) (BOE núm. 137, de 9 de xuño de 2011) e RD 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación (BOE núm. 69, xoves 21 de marzo de 2013).

Estar en posesión dalgunha das **TITULACIÓNS** que se relacionan deseguido, así como dispoñer do **Certificado Profesional de habilitación para a docencia en grados A, B y C do Sistema de Formación Profesional**:

- Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou o título de grao correspondente u outros equivalentes.
- Técnico/a e Técnico/a superior da familia profesional de Electricidade e Electrónica.
- Certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 da área profesional de instalacións de telecomunicacións da familia profesional de Electricidade e Electrónica.

### **OPCIÓN 3: CAPACIDADE PROFESIONAL.**

Experiencia profesional de, a lo menos, **catro (4) anos** axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir,

que actuarán en calidade de persoal experto, así como dispoñer do **Certificado Profesional de habilitación para a docencia en grados A, B y C do Sistema de Formación Profesional**.

Os/as candidatas/as que opten pola opción 2 ou 3 de non dispor do certificado Profesional de habilitación para a docencia en grados A, B y C do Sistema de Formación Profesional, ou certificado de profesionalidade de formador ocupacional, poderán impartir módulos formativos de certificados de profesionalidade e outras accións formativas vinculadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais o profesorado do sistema educativo, tendo en conta a correspondencia das unidades de competencia asociadas aos módulos profesionais, e recollidas expresamente nas normas reguladoras de cada título de formación profesional, ou certificado de profesionalidade, de acordo co establecido no artigo 8 e na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para o seu convalidación, así como a atribución docente dos devanditos módulos profesionais RD 62/2022.

**2.3.- Capacidade funcional:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato.

**2.4.- Habilitación:** Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

**2.5.- Compatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

### **2.6.- Coñecemento da Lingua Galega.**

Estar en posesión do **CELGA 3** ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior).

**En todo caso, e con arranxo ao previsto no art.51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto para o terceiro exercicio na Base 6.2, e que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.**

### **TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

**3.1.-** As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base segunda desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias. Achégase **modelo-tipo de solicitude** de participación como **Anexo III** destas bases.

As citadas solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Carballo durante o prazo de **cinco (5) días hábiles**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. A convocatoria tamén se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e, de forma complementaria, na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo por e-mail ([xestiondepersoal@carballo.gal](mailto:xestiondepersoal@carballo.gal)) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

**3.2.-** As solicitudes para participar neste proceso selectivo irán acompañadas, inescusablemente, da seguinte documentación:

**a) Xustificante acreditativo de ter ingresado** na Tesourería Municipal a cantidade de vinte catro euros (24,00 €) en concepto de dereitos de exame. Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cós datos persoais do/a aspirante e praza á que opta), número de conta de ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 ou número de conta de CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249. A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de subsanación. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

**b) Fotocopia do DNI ou documento identificativo.**

**c) Fotocopia da documentación acreditativa do requisito de titulación, capacidade profesional e docente (base 2.2).**

**d) Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación no concurso, que se acompañará da documentación acreditativa destes. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. (base 6.1).**

**e) Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido segundo o sinalado no apartado 6 da base segunda.**

**f) Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou aqueloutro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar, asemade, certificado dos citados órganos, ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Debendo advertir, asemade, xunto á solicitude, se precisaran dalgún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.**

**3.3.-** Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

**3.4.-** Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### **CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

**4.1.-** Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partir do día seguinte a publicación da antedita resolución na sede electrónica do Concello de Carballo, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 69 da Lei 39/2015.

**4.2.-** Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

**4.3.-** De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

#### **QUINTA. COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DA AVALIACIÓN.**

**5.1.-** A Comisión de Avaliación será designada por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

**5.2.-** Os membros da Comisión de Avaliación deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (de réxime xurídico do Sector Público), notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos/as de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**5.3.-** A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos/as membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

**5.4.-** A Comisión poderá propoñer a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán có órgano de selección.

**5.5.-** A Comisión queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

#### **SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

Sistema de provisión: **concurso-oposición libre.**

##### **6.1. FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS (Máximo 10 puntos)**

Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes.



## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente xunto coa solicitude de participación coa presentación dos documentos xustificativos daqueles, valorándose de acordo có baremo que se achega como **Anexo I** destas bases.

Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificados con posterioridade, sempre que esta xustificación posterior se presente no Rexistro deste Concello con anterioridade á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as ou excluídos/as.

Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado.

A puntuación máxima que se pode obter na fase de concurso é de 10 puntos.

### **6.2.- FASE DE OPOSICIÓN (Máximo 15 puntos).**

#### **Desenvolvemento das probas.**

Os/as aspirantes serán convocados/as para a fase de oposición en chamamento único, sendo excluídos/as do proceso selectivo aqueles que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia do/a interesado/a, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "V", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 23 de xaneiro de 2023, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 23/01/2023 (DOG núm. 18 do 26/01/2023), ou de conformidade co establecido na Resolución vixente do ano en curso, en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

#### **Primeiro exercicio (Proba tipo Test):**

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de **vinte (20) preguntas** con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas co contido do temario que se achega como **Anexo II** das Bases, durante un período máximo de 30 minutos.

O Tribunal incluírá varias preguntas de reserva. As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización

Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixidas para acadar a

puntuación mínima. A puntuación máxima que se pode acadar neste exercicio é de 15 puntos.

### **Segundo exercicio (Avaliación do coñecemento da lingua galega):**

Para a superación do proceso selectivo será preciso acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega esixido. En cumprimento do artigo 51 da LEPG, as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

O exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega será unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 3 ou equivalente, segundo o sinalado na base segunda, apartado 6, das presentes bases.

Esta proba cualificará a persoa aspirante como **apta** ou **non apta**.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 45 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Estas probas serán acordes ás características funcionais dos postos de traballo convocados, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 3.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto/a e quedan eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación.

### **6.3.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

Á cualificación de cada exercicio farase pública no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e de forma complementaria na web municipal. Os/as aspirantes disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo Tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e na páxina web municipal.

A puntuación e a orde de cualificación definitiva dos/as aspirantes virán determinadas pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición.

Será seleccionado/a aquel/a que obteña maior puntuación global (sumadas as da fase de concurso e oposición).

De producirse empate na puntuación final, computadas as dúas fases, e para determinar a orde de prelación, para dirimir o empate teranse en conta os seguintes criterios: maior puntuación na experiencia docente, maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación na experiencia laboral na ocupación, maior puntuación na formación complementaria.

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal publicará, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma complementaria, na web municipal, a relación de aprobados/as por orde de puntuación e elevará a dita relación, xunto coa acta da última sesión e a proposta de contratación, que terá carácter vinculante, á Presidencia da Corporación para proceder á formalización do contrato.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas, polo que se declarará aprobado/a ao aspirante que obtivera a maior puntuación.

## **SÉTIMA.- CREACIÓNS DA LISTAXE DE SUBSTITUCIÓNS.**

O tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e na páxina web municipal a relación de todas as persoas aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo, ordenados por orde descendente e que conformarán a listaxe de substitucións a crear ao abeiro desta convocatoria.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais, será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma complementaria, na páxina web municipal.

A vixencia desta lista será ata que a Corporación a derroque expresamente ou confeccione outra distinta e indique a derogación da que se deriva destas bases.

O sistema de funcionamento da listaxe regularase pola resolución aprobatoria da mesma.

O persoal temporal incorporado ao abeiro da listaxe derivada desta convocatoria, previa acreditación e cumprimento dos requisitos esixidos ao efecto, será contratado/a, segundo a modalidade adecuada ás causas/circunstancias que tiveran motivado a dita contratación, consonte ao disposto ao efecto na normativa laboral vixente á data da contratación, no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, sexa por baixa ou renuncia do/a seleccionado/a, por incapacidade temporal, ou para o caso de que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade non validase a contratación do/a candidato/a seleccionado/a pola comisión.

Así mesmo, se o órgano competente para a contratación o estimase oportuno, a persoa que resulte seleccionada neste proceso selectivo e coa que se formalice a contratación, así como as que poidan ser incluídas na listaxe de substitucións que propoña o Tribunal seleccionador, poderán ser chamadas para contratacións ou nomeamentos coa mesma ou similar categoría profesional que xurdan no futuro, entendéndose expresamente incluídos as contratacións ou prestación de servizos para impartir a acción formativa de "OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS E DE TELECOMUNICACIÓNS EN EDIFICIOS", así como aquelas outras accións formativas similares ou da mesma familia profesional nas que se esixan os mesmos requisitos de capacidade profesional e docente.

### **7.1.- DESENVOLVEMENTO DOS CHAMAMENTOS.**

A contratación dos/as aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación.

Respectarase o sistema rotatorio de chamamento de compoñentes da listaxe, por orde de puntuación dos/as aspirantes que se rexerá polas regras seguintes:

- Os/as integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ate que acaden doce meses de traballo, de tal xeito que se a contratación/nomeamento para a que son chamados/as ten unha duración inferior retornarán ao posto que novamente lles corresponda na listaxe.
- Cando un/ha compoñente da listaxe acade 12 meses de traballo permanecerá outros 12 meses en expectativa de volver a ser chamado, coa finalidade de garantir o sistema rotativo e a igualdade de oportunidades para todos os alistados.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas, entre as 8.00 horas e as 15.00 horas.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento e a correcta localización das persoas candidatas, estas están obrigadas a comunicar por escrito calquera variación dos seus datos de contacto,

O/a empregado/a público/a que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os/as aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento/contratación renuncien dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

### **7.2.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN/ REXEITAMENTO XUSTIFICADO.**

Serán causas/situacións de rexeitamento xustificadas as seguintes:

- a)** Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- b)** Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- c)** Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público, ou ter sido seleccionado/nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación.
- d)** Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- e)** Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- f)** Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

### **OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

**8.1.-** O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo máximo de **tres (3) días hábiles** (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que compren todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Así mesmo presentará, cando sexa requirido/a, a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

**8.2.-** Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

### **NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

**9.1.-** Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do/a aspirante proposto/a pola Comisión, e será nula a contratación de quen incorra en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo máximo de **cinco (5) días hábiles**, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Non obstante o anterior, no caso de que a Delegación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade mostrase algunha desconformidade respecto do currículo do/a candidato/a seleccionado/a, este/a non poderá ser contratado/a.

Previamente á sinatura do contrato, a/o aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

**9.2.-** A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

## **DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.**

Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base terceira, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)), sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/das aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)), unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

### **Protección datos de carácter persoal.**

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal). Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal)

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- NORMAS FINAIS.**

**Primeira.-** Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Segunda.-** Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**Terceira.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso - administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso - administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

## **ANEXO I. BAREMO PARA O CONCURSO DE MÉRITOS. (MÁXIMO 10 PUNTOS)**

### **APARTADO I) Titulación académica (máximo 1 punto)**

Titulacións académicas, a maiores, da requirida polo certificado de profesionalidade, e que segundo o criterio da comisión de avaliación, teñan relación co curso de formación a impartir:

- Licenciatura ou grao: 1 punto.
- Diplomatura: 0,75 puntos.
- Título de técnico/a superior da familia profesional de Electricidade e Electrónica: 0,50 puntos.
- Título de técnico/a medio da familia profesional de Electricidade e Electrónica: 0,25 puntos.

Acreditarase mediante fotocopia dos títulos ou certificados acreditativos.

Non se avaliará aquela titulación que xa fose tida en conta como requisito de admisión ao proceso selectivo.

### **APARTADO II) Formación complementaria (máximo 1 punto)**

Pola participación en cursos de formación e perfeccionamento ou mestrados organizados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais da Administración pública e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua, en materias relacionadas directamente coas funcións do posto (funcións docentes e relacionadas coa rama profesional a impartir): 0,10 puntos por cada 20 horas formativas, ata un máximo de 1 punto.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do presente contrato, non serán valorados.

### **APARTADO III) Experiencia Laboral (máximo 1,50 puntos)**

Experiencia profesional no exercicio da profesión como traballador/a por conta allea. Non se valorará a experiencia profesional como traballador/a por conta propia.

Non se avaliará o tempo de traballo que fose acreditado para suplir a carencia das titulacións, nin o que se precisa como obrigatorio polo Certificado de Profesionalidade, nin o esixido no artigo 168.- Condicións.- do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo de 2023 (BOE do 22 de xullo de 2023).

- Por cada mes traballado: 0,10 puntos.

A experiencia profesional acréditase coa presentación do informe de vida laboral actualizado e expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

### **APARTADO IV) Experiencia docente (máximo 6,50 puntos)**

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

Experiencia docente na impartición de cursos de formación dentro das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou plans de formación para o emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade:

- Por cada hora de formación impartida na mesma familia na que concursa: 0,001 (máximo 6,50 puntos)

A experiencia docente acreditarase coa mesma documentación que a detallada no caso da acreditación da experiencia laboral, e ademais con documentación xustificativa da formación impartida: denominación do curso, módulo ou unidade de competencia así como as horas e as datas.



**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

**ANEXO II. TEMARIO PARA O EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.**

- 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais na Constitución Española.
- 2.- O Concello: A organización municipal: órganos necesarios e complementarios. O Alcalde: atribucións. O Pleno: composición e atribucións. Os Tenentes de Alcalde: competencias e atribucións. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións.
- 3.- Orde do 11 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025 e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024. Obxecto e Entidades beneficiarias.
- 4.- Os certificados de profesionalidade. Finalidade, Estrutura e Contidos.
- 5.- O certificado de profesionalidade ELES0208.- OPERACIONES AUXILIARES DE MONTAJE DE INSTALACIONES ELECTROTÉCNICAS E DE TELECOMUNICACIONES EN EDIFICIOS.
- 6.- Servizos e recursos relacionados coa formación e a promoción do emprego no Concello de Carballo.
- 7.- A avaliación da formación para o emprego nas accións formativas conducentes á obtención dun certificado de profesionalidade.
- 8.- Becas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participan nas accións formativas no marco da formación profesional para o emprego. Obxecto e finalidade, tipoloxía e requisitos dos/as destinatarios/as.
- 9.- As competencias clave.

### ANEXO III - MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no **PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA DOCENTE PARA IMPARTIR A ACCIÓN FORMATIVA "OPERACIÓN AUXILIARES DE MONTAXE DE INSTALACIÓN ELECTROTÉCNICAS E DE TELECOMUNICACIÓN EN EDIFICIOS"**.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométo-me a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base sexta das bases reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.

Copia do título acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) do requisito de titulación, capacidade profesional e docente (base 2.2), de estar en posesión ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Relación de méritos (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes alegados na fase de concurso.

Copia de documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 3 ou equivalente.

Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de vinte e catro euros (24,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.

Solicito a bonificación da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000032  
Exp. 2023/G003/003893

Cumpro os requisitos e achego xunto con esta instancia a documentación necesaria para solicitala.

Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición, e da miña compatibilidade coas funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.

Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.

**Idioma do exame:** \_\_\_\_\_

Carballo, a ..... de ..... de 2023.

AO SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

*Información básica sobre protección de datos*

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

*De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L.. có que poderá contactar en dpd@carballo.gal. Os datos serán utilizados en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@carballo.gal .*

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretaria Accidental

Evencio Ferrero Rodríguez

Susana Mariño Lorenzo

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria Accidental

Carmen del Río Rodríguez